

OS RESIDUOS ORGÁNICOS DE ORIXE DOMÉSTICA EN ROIS

**SANTIAGO CAAMAÑO, Javier
POMBO REGO, Xurxo**
C.P.I. Plurilingüe dos Dices. Rois.

ABSTRACT

During the academic year 2012-2013 a group of secondary school pupils and their Biology and Geology teachers carried out a research project about domestic organic waste in Rois Council (Galicia, Spain). First, the students interviewed their families in the villages where they live to compile all kinds of information about domestic waste in that particular area. In this survey they collected data about the domestic waste treatment, and could compare it with the SOGAMA model, which gathers most of the Galician councils' waste. The students visited the SOGAMA factory and the Barbanza's waste treatment plant and also watched a new experience about waste treatment at medium-scale at Coruña University. Furthermore, the group attended a speech by the environment organization ADEGA and built a handmade compost bin to recycle the organic waste collected at the school canteen. Finally, a video about the experience was made and presented at a students' meeting organized by CEIDA.

INTRODUCCIÓN

Ao longo do curso académico 2012-13 un grupo de alumnos de secundaria guiados polos profesores do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía levamos a cabo un estudo sobre os residuos orgánicos de orixe doméstica no Concello de Rois. O obxectivo principal era definir a situación na que se atopa o noso concello con respecto a este tipo de residuos, e ao mesmo tempo estudar o grado de implicación das familias no aproveitamento destes residuos e introducir e concienciar aos alumnos sobre a problemática dos residuos.

Finalmente o traballo foi presentado polos alumnos/as no Congreso RE-ACCION organizado polo CEIDA.

DESENVOLVEMENTO

Ao longo do traballo desenvóléronse multitude de actividades, entre as que destacan as seguintes:

- 1.- Elaboración dunha enquisa que foi repartida entre as familias para recabar a súa información no referente aos residuos orgánicos domésticos en Rois a tres niveis: no seu domicilio, na súa aldea e no concello.

- 2.- Impartición dunha charla por unha educadora ambiental da asociación ecoloxista ADEGA sobre a compostaxe caseira e elaboración dun composteiro artesanal para o centro.
- 3.- Realización de entrevistas a distintas persoas relacionadas co asunto dos residuos, así como a autoridades ou ex-autoridades do concello..
- 4.- Visita ao complexo medioambiental de SOGAMA.
- 5.- Visita á planta de tratamento de residuos e compostaxe de Lousame(Serra do Barbanza)
- 6.- Visita á unha experiencia novedosa na Universidade da Coruña sobre compostaxe de residuos do comedor universitario e depuración natural en balsas das augas residuais dunha facultade.
- 7.- Visitas a domicilios particulares dos alumnos para comprobar como xestionan os residuos orgánicos, así como ver o grado de implicación no compostaxe doméstico e algunhas experiencias sobre a realización de miñoqueiros.
- 8.- Finalmente elaborouse un vídeo no que quedou reflectido o traballo desenvolto e que está colgado nas seguintes direccións de internet.
<https://www.youtube.com/watch?v=7gp6E3K3SqA>
<https://www.youtube.com/watch?v=LpFhZz9JOxA>

CONCLUSIÓNS

A satisfacción polos resultados do traballo foi moi alta, non só no equipo participante senon tamén nas familias que colaboraron no proxecto. Podemos destacar entre outros os seguintes aspectos:

- 1º) Os alumnos/as adquiriron un coñecemento global sobre cómo é a xestión dos residuos orgánicos no Concello de Rois, e poideron comparalo co outro gran sistema de tratamento de residuos que é o realizado por SOGAMA.
- 2º) Durante o traballo puideron aplicar a metodoloxía científica nun proxecto de investigación.
- 3º) Acadouose un bo grado de interese por parte do alumnado de cara ao aproveitamento de residuos en xeral e dos orgánicos en particular, dado que Rois xa é un concello no que os residuos orgánicos son aproveitados en moitas casas para os animais ou para compostar.
- 4º) O alumnado implicouse moi positivamente en todas as actividades así como na toma de fotografías e na elaboración dun vídeo sobre o traballo.

AGRADECEMENTOS

Queremos amosar o noso agradecemento a todas aquelas persoas ou institucións que fixeron posible a realización do presente traballo. Entre elas queremos destacar a dirección e persoal do complexo medioambiental de SOGAMA, a Marta Domínguez da planta de tratamento de residuos de Lousame, a Manuel Soto catedrático da Universidade da Coruña, a Maria Rodríguez educadora ambiental da asociación ecoloxista ADEGA, a Xosé Manuel Penas Patiño mestre xubilado do noso centro e ex-alcalde de Rois, a Rebeca do CEIDA, e a todas aquelas familias e persoas que dunha ou outra maneira nos aportaron información ou nos axudaron na realización do traballo.

O traballo asimesmo recibiu unha subvención do FECYT a través do Ministerio de Educación e Ciencia.